



PENSARES GALEGOS

MULLERES DECISIVAS



GMS

Fundación
GALIZA
SEMPRE

Edita: FUNDACIÓN GALIZA SEMPRE

Avda. Rodríguez de Viguri 16, baixo. 15702 Santiago. Galiza

www.galizasempre.org

Dirección: Xabier Macías

Coordinación e Documentación: Sandra González


Publicación subvencionada pola:

DEPUTACION DA CORUÑA

Deseño: uqui IIIII cebra

Impresión: Litonor

Depósito Legal: C-1.823-2005



MARGARITA LEDO ANDIÓN
(Castro de Rei, 1951)

Catedrática de Universidade. USC

Fixo o bacharelato no Instituto de Lugo e marchou para Barcelona a estudar Xornalismo na Escola Oficial, onde viviu as primeiras manifestacións antifranquistas e a cultura alternativa ao tempo que escribía o seu primeiro poemario *Parolar cun eu, cun intre, cun inseuto?* que lle publicará Manuel María no selo *Xistral*.

No remate da ditadura franquista tivo que exiliarse a Porto, polo seu activismo clandestino na Unión do Povo Galego. Alí foi lectora na Facultade de Letras e de volta en Galicia en 1977 fíxose cargo do proxecto do semanario nacionalista *A Nosa Terra*, que dirixiu durante tres anos. Creou tamén diferentes proxectos de revistas: *Escrita*, *Festa da palabra silenciada*, *A trabe de ouro*...

Coa década dos oitenta comeza a súa separación da prensa e achégase ao mundo académico. Pasou por Lisboa cunha bolsa da Fundação Gulbenkian (1982) e posteriormente accede a unha praza da Universitat Autónoma de Barcelona onde vai traballar na Facultat de Ciencies de la Informació entre 1983 e 1991.

Nesta época publica o primeiro libro de narración, *Mamá-Fe*; a primeira novela, *Trasalba*; o primeiro ensaio, *Prensa e galeguismo* e participa en encontros, festivais, e reivindicacións cos seus poemas.

Realiza a súa tese de doutoramento e faise profesora titular na universidade catalá e nos anos noventa trasládase a Santiago, onde impulsa a creación da Facultade de Ciencias da Información, da que foi decana no período 1991-1996, e onde exerce como Catedrática de Comunicación Audiovisual.

Investigadora asociada en institutos e universidades europeas (Département d'Etudes Cinematographiques et Audiovisuelles, Université Paris VIII; Department of Theatre, Film and TV Studies, University of Wales-Aberystwyth; Département de Sciences de l'Information et de la Communication, Université de Haute Bretagne; Dublín Institut of Technology.) foi investigadora principal nos seguintes proxectos no bienio 1997-1999: «*Towards and integrated european minority languages tv system*» en parcería co Research Centre of Wales/University College of North Wales; Univesitat Ramon Llull, Barcelona, Catalunya e Udras na Gaeltacht/Galway University, Ireland; e «*Tv and interculturalism: Brittany, Galicia, Wales*», en parcería coa Université Haute Bretagne-Rennes 2 e a University of Wales-Aberystwyth.

En Galiza dirixiu o Observatorio do Audiovisual na Facultade de Ciencias da Información da USC e foi Socia-fundadora de IBERCOM-Asociación Iberoamericana de Comunicación. Entre as diversas responsabilidades desempeñadas cabe destacar ademais:

- Presidenta da AGIC-Asociación Galega de Ciencias da Comunicación, integrada na Federación Lusófona de Ciencias da Comunicación, LUSOCOM.
- Membra do Comité científico e tecnolóxico do Foro Mundial da Televisión Infantil / Observatorio Europeo da Tv infantil, con sede en Barcelona
- Membra do Consello Superior do Audiovisual e das Telecomunicacións de Galicia
- Membra do Consello Científico do Research Center for Galician Studies NY-USA, City University of NY

Editora e membra do Consello de Redacción do «Anuário Internacional de Comunicaçao Lusófona». Sao Paulo, Brasil.

Integrante do xurado en diferentes festivais documentais (Cine español de Málaga, Documenta Madrid, Docúpolis Barcelona, Internacional de Lisboa, Play Doc -Tui), comeza a partir do 2000 o seu primeiro proxecto cinematográfico co documental *Santa Liberdade*, do que é directora e guionista, e que se presenta en Santiago de Compostela en xaneiro do 2004.

Principais publicacións

Parolar cun eu, cun intre, cun inseuto? Xistral, 1970.

O corvo érguese cedo. Monforte de Lemos: Xistral, 1973.

Prensa e galeguismo. Sada. Edicións do Castro, 1982.

Mamá-Fé. Vigo: Xerais, 1983.

Trasalba ou Violeta e o militar morto. Vigo: Xerais, 1985.

Foto-xoc e xornalismo de crise. Sada: Edicións do Castro, 1988.

Linguas mortas. Serial Radiofónico. Barcelona: Sotelo Blanco, 1989.

Porta blindada. Vigo: Xerais, 1990.

Historias como Barcelona. (1992).

Documentalismo fotográfico contemporáneo: da inocencia á lucidez. Vigo, Xerais, 1995.

Documentalismo fotográfico: éxodos e identidad. Madrid: Cátedra, 1998.

Comunicación Audiovisual-Investigación e Formación universitarias (Ledo Andión e Krohling Kunsch, Eds). Santiago de Compostela, USC, 1999.

Production télévisée et identité culturelle en Bretagne, Galice et Pays de Galles. Guyot, Ledo Andión, Michon, Presses Universitaires de Rennes, Rennes, 2000.

Galicia-Finlandia: Modos de Pensar (Ledo Andión, Margarita e Varis, Tapio, Eds.). Santiago de Compostela, CCG, 2002.

Del Cine-Ojo a Dogma95, Barcelona, Paidós, 2004.